

Acta número 9/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Ramón del Valle López

C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Santiago Roura Gómez

Beatriz Rodríguez Fraga

C. Economía e Facenda.

J. Carlos Carid Fernández

Luis E. Araújo Rodríguez

María Dolores Rodríguez Amaya

C. Innovación e Industria

José Carlos Fagín Taboada

C. Cultura e Deporte

Miguel Ares Casal

C. Pesca e Asuntos Marítimos

M^a Mar Pousa Cobas

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Jaime Baltar Tojo

C. Traballo

M^a Carmen Calviño Rodríguez

Eugenia Pérez Fernández

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG

CC.OO.

UGT

CSI-CSIF

Manuel Gallardo Canitrot

José Emilio Doforno Guzmán

José Francisco Núñez Rodríguez

Antonio Pais Andrade

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 13 horas do día cinco de xuño do ano dous mil oito, reúnen-se en sesión ordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta 8/2008, correspondente á sesión anterior.

O representante de CCOO manifesta que na páxina 3, na súa intervención “vota en contra dado que non houbo variación respecto a corpos especiais e a dotación que falta para a telefonista”

O representante de UGT na mesma páxina “subalterno que está de mañá e tarde e o tema do telefonista e os conductores”.

Coas ditas alegacións apróbase a acta correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Proxecto de orde de xuño/2008 pola que se ditan instrucións sobre a xornada de traballo do persoal da administración da Xunta de Galicia.

O representante da CIG vota a favor pero que solicita horario flexible, que hai que negociar as instrucións do persoal ao que non van dirixidas as presentes instrucións, e propón que o período sexa de 23 de xuño a 23 de setembro.

O representante de CCOO que non poder votar a favor salvo que se faga extensible para todos os empregados públicos para o que presentan alegacións por escrito que se son atendidas votaran afirmativamente no seguinte punto da orde do día.

O representante de UGT que vota a favor, pero que o horario tería que ser extensible a todos os colectivos de empregados públicos

O representante de CSI-CSIF que vota a favor pero que debería extenderse a todos os empregados públicos.

O secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expón:

Que o que se está a mudar coa proposta en relación as instrucción e só as datas acostumadas de desfrute, para adaptalas ao calendario escolar que serva para a conciliación da vida familiar e laboral o que permite tamén de forma colateral unha mellor xestión do transporte dos empregados públicos. O resto das petición sindicais poderían ser ou non aceptables pero abriría un proceso para o que agora non temos tempo sen que o secretario se manifeste sobre elo neste intre.

O representante de CCOO manifesta que o seu voto é a abstención.

Punto terceiro: Proposta de modificación da do acordo entre a administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral, con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integración física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

O representante da CIG vota a favor.

O representante de CCOO que vota a favor.

O representante de UGT que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF que vota a favor.

A Presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor das organizacións sindicais.

Punto sexto: Proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia.

O representante de CCOO que se absteñen.

O representante de UGT que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF que vota a favor.

Punto sétimo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Traballo.

O representante de CCOO que vota a favor.

O representante de UGT que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF que vota a favor.

Punto cuarto. Rogos e preguntas.

O representante da CIG pregunta sobre a acta da consolidación de emprego para o persoal que presta servizos no Servizo Galego de Saúde, contéstaselle que se lle enviará en canto esté redactada.

Pregunta sobre as datas de elección de destino dos grupos D e E. O grupo D, contesta a directora da Función Pública podería no mes de xullo, sendo esto mais complicado para o grupo E.

O representante de UGT pregunta sobre a elección de destino dos da OPE 2005. A directora da Función Pública contesta que poderían tomar posesión dez categorías no mes de xullo, en canto esté publicado o acordo de modificación do IV convenio para darlles destino provisional.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas cincuenta minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.

ANEXO I



ANEXO I
ACTA. 9/2008

ALEGACIONES DE CCOO A PROPOSTA DE ORDE QUE REGULA A XORNADA DE VERAN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

José Emilio Doorno Guzmán, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autonómica de CC.OO de Galicia, con enderezo, para efectos de notificacións, en **FSAP-G, CC.OO.- Edificio Sindical, r/ Miguel Ferro Caaveiro, 8- Bloque C, 1º andar, 15707 – Santiago de Compostela**, por medio do presente escrito, e en relación coa proposta de orde que regula a xornada de verán do persoal da administración da Xunta de Galicia, presenta as seguintes alegacións:

Orde do de xuño de 2008 pola que se ditan instrucións sobre a xornada de traballo do persoal da Administración da Xunta de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 6 de febreiro de 1990, adoptou un acordo relativo ao réxime vixente en materia de xornada laboral e horario de traballo. Nel establecíase que a xornada de traballo de todo o persoal funcionario ao servizo da Administración da Xunta de Galicia será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, e que o horario de traballo deberá ser realizado por todo o persoal funcionario entre as 7.45 e as 15.15 horas.

Á vista do tempo transcorrido desde esta regulación, faise necesario introducir algunhas melloras dirixidas a regular a xornada de verán, dun xeito expreso, co obxecto de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, dos empregados públicos. Por iso o inicio da xornada de verán faise coincidir có remate do curso escolar sen que isto supoña redución do período de goce.

Na súa virtude, e en uso das competencias atribuídas polo artigo 13.1º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e polo artigo 1 do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Xornada de verán.

Durante o período abranguido entre o 21 de xuño e o 21 de setembro de 2008, ambos inclusive, establécese unha xornada intensiva de traballo, a razón de seis horas continuadas de traballo, que se desenvolverá entre as oito horas e trinta minutos e as catorce horas e trinta minutos, de luns a venres.

~~Esta xornada queda condicionada a que os servizos públicos queden debidamente garantidos.~~

~~Trátase dun aumento do período de desfrute, sen que iso supoña diminución do horario, nin ampliación do ámbito subxectivo deste. En consecuencia, non desfrutará desta ampliación da duración da xornada de verán aquel persoal ao que non se lle aplicaba o horario de verán e o suxeito a un réxime especial de horario.~~

Para o restante persoal funcionario e laboral que non poida acollerse ó recollido no parágrafo anterior por traballar a quendas ou ter un horario especial, desfrutará das correspondentes compensacións en días de descanso, co límite máximo de unha hora e media por día laborable nese período.

12/06/08
Reci



Artigo 2º.-Oficinas de información e atención ao cidadán e rexistros.

Nas oficinas de información e atención ao cidadán e rexistros previstos na disposición adicional segunda, puntos b) e c) do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, a xornada intensiva de verán desenvolverase, durante o período abranguido entre o 21 de xuño e o 21 de setembro de 2008, ambos inclusive, de oito horas e trinta minutos a catorce horas e trinta minutos, de luns a sábados a venres, e os sábados de nove a doce e media horas.

Santiago de Compostela, de xuño de 2008.
José Luis Méndez Romeu,

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En consecuencia, SOLITICO:

Que se teñan por presentadas e se acorde a súa inclusión na referida orde co obxecto de darlle un tratamento igualitario, no disfrute da xornada de verán ou nas compensacións que procedan, a todo o persoal (funcionario e laboral) da Administración da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2008



Supresións o texto orixinal
Alegacións de CC OO o texto orixinal

Presidente da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia

12/06/08